



Grupo Municipal
RIBEIRA

Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) neste Concello, presenta a seguinte **solicitud** diante do **Pleno** da Corporación Municipal en relación co **deficiente funcionamento da rede de sumidoiros en Artes.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A parroquia de Artes conta cunha liña de saneamento principal que vai parella á estrada que baixa de Xarás ó río Sanchanás. Esta liña de saneamento conta, en teoría, con separación de pluviais e fecais. O caso é que desde hai xa varios anos, veciños de Artes téñense dirixido á autoridade municipal indicando que en determinados lugares, como no Outeiro e en Muíños, se producen filtracións de augas fecais ás casas e fincas próximas á liña de saneamento, sobre todo, pero non só, en temporadas de moita chuvia. Esta situación fai pensar nun deficiente funcionamento da liña de sumidoiros posiblemente por roturas ou outras causas que compre, en todo caso, averiguar e dar solución para evitar tanto as molestias ós veciños e veciñas como posibles riscos sanitarios por afectación dos pozos próximos. Cómpre lembrar que o Goberno Municipal é o responsable competente nas actuacións en materia de saneamento así como do mantemento da rede en perfectas condicións. Lembrar tamén que, polas informacións dos veciños, o Grupo de Goberno é coñecedor desta situación desde hai meses.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG neste Concello presenta a seguinte

SOLICITUDE

Que o Goberno Municipal, en exercicio das súas responsabilidades, ordene ca maior urxencia posible, unha fonda revisión do funcionamento da rede de sumidoiros de Artes, e acometa as actuacións precisas para evitar os problemas de cheiros e filtracións que se producen na actualidade.

Ribeira, 8 de Xullo de 2008

Asdo.: Xosé Luís Groveiro González

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA